

A patria do escultor sen patria (no cabodano de Paco Pestana)

Ricardo Polín

Declaraba non ter patria e negaba o paisaxismo por ser moda importada, mais cando a lira soaba era quen de regresar á súa terra soñada, onde forxara a expresión dese porte tan solemne dando voltas arredor da “Ofrenda a San Ramón” coa que Asorey o instou no Museo Provincial ao que tanto se achegou.

Foi sobre todo escultor, a técnica que máis seduce a quen a aldea afixera a modelar a materia que o monte lle ofrecía aló pola Rechaviña e as Agradas de Touceda, onde medrara feliz sobre a valga da Frairía descolgada desde a serra de Mordei, Puñago e A Vacariza.

Representa a xeración que baleirou o interior coa pertinaz migración e a súa freguesía naceu dunha capeliña que despois se consagrou nunha igrexa de gran porte que tardou en conseguir a distinción parroquial malia ser terra de freires, longo tempo irmandada a San Pedro de Vilalle, a Masoucos ou Furís.

Cando Paco ensaiaba dando regos na cortiña de Amordeus, aínda estaba en prisión a entregada profesora que pasara

pola escola da Frairía coas súas letras armadas, a insigne *María Dolores*, dona Enriqueta Otero, a *Ribona de Miranda* que trinta anos despois foi obxecto de atención de aquel neno de Peredo co que sempre compartira o feitizo estrafalario, o encanto sedutor do glamur provocador. E ese afán co que teimaba en baixar da Cruz de Pedra o Camiño de Santiago dereito á súa casa, aducindo que os romeiros tiñan medo aos alaridos dos lobos que aulaban entre as sebes nos días que había neve (actuaba ao seu favor a imaxe peregrina que aínda agarda no templo, nun retábulo interior).

Dun extremo do lugar, nesa casa señorial dos fidalgos da Folgueira, partiran os homes bravos enfrontados aos franceses que pasaran incendiando os fogares de Baleira aló pola Fontaneira, a onde el acudía para a festa da Pastora. Por alí marchou Pestana cara o Vilar da Cuíña nos tesos da Fonsagrada, onde varexou castañas e impartía cursiños aos humildes campesiños, antes de montar con Nilo a comuna de Nogueira na súa etapa primeira, sobre a Ponte Buadil e o canón do río Navia, retirándose a tempo ao abeiro das murallas naquel bar do *Aturuxo* que expoñía a obra dos artistas primeirizos na arte da escultura, ese local reservado en José Aviador, cunha fama ben gañada de facer ostentación do seu ambiente de ácratas, no que colgaba unha sogá sobre a soleira da entrada, á altura do gaznapo, e onde sempre soaba “Aquí se queda la clara...”, aquel himno ao Che Guevara que cantaba Carlos Puebla na máquina das moedas que alegraba a mocidade con música reiterada xa no final dos

setenta (“la entrañable transparencia de tu querida presencia...”). Foi cando alá nas montañas da comuna que el fundara, dicía que arribaran mozos sen coñecemento de que o pan non levedaba se non levaba o fermento...

Logo xa polos oitenta encontrámolo expoñendo en Pontevedra, no Parque da Alameda, con Borrajo e Castiñeiras, Ramón Conde ou Paco Leiro e os artistas galegos agrupados nos *Encontros no espazo*. Tamén con Silverio Rivas, Manuel Paz e a arte do veciño Portugal, dando logo a coñecer o “Baluarte para el silencio y la ira”, escultura vangardista que a comezos dos noventa xa se tiña definido como “la nueva identidad regional” e unha voz que emerxía desde o ámbito local. Logo esas tallas barrocas que recalán no Ferrol e a súa consagración cando entra a formar parte da selecta colección da propia Caixa Galicia que exhibe a antoloxía dos artistas máis notábeis da centuria xa vivida: Abelenda e Seoane, e Colmeiro e Maside, Laxeiro ou Díaz Pardo, e así se incorporou ás prezadas galerías das bienais portuguesas que lle abrían o camiño cara o sul.

Nunha última conversa, un mes antes do infarto, atopeino algo cansado. Sentado. (O escultor obra de pé, ás veces con esforzo extenuante, sen ninguén que dea fe). Foi un falar demorado naquel taller ategado de figuras estrambóticas e de torsos modelados a capricho do machado, onde vin que destacaba unha talla de muller co mármore de Bolaño. Entregoume un manuscrito extravagante, en galego

asilvestrado, con grafía insoportable que mirou de pronunciarme e co que aínda sufría cando nin el comprendía. Un texto que reflectía o seu trato delirante coa escrita desa lingua que aprendera apañando os arandos nos camiños da Frairía e escoitando as gaitiñas de centeo no alto do Sabugueiro, a pesar do pulso tenso que mantiña con tesón contra o peso adquirido pola nosa tradición. (Como outrora a Rosalía que escribira “El Cadiceño”, tamén Paco fora un mestre no manexo do castrapo en prosa breve, con ironía e con guasa, e coa chispa e o gracexo da retranca).

No portal da despedida, vin un home apreixado nas gadoupas dun pasado que tiña os días contados, incapaz de controlar un tardío celular que lle meteran nas maos, onde gardou deletreadas esas últimas palabras, a duras penas labradas na pantalla do Whatsapp. E entregoume nun papel o seu último poema, talvez o punto final ou o verso terminal, a mensaxe ulterior. Tamén alí descubrín o que realmente había detrás dese peitoril, a coraza coa que adoito disfrazaba o seu porte presencial, o rebumbio teatral. Nas verbas daquela troba subliñou un titular que aínda se fai real na madeira esculpida na aira da súa casa en Peredo da Frairía: era “A sombra espida...” do escultor, da poesía.

Prometera entregarme un *collage* que ilustrara a pasaxe onde narra con coraxe aquela vida feliz cando medrou na aldea, a verdadeira paisaxe. Mais xa terá que agardar se quedamos de nos ver nesa última viaxe. Na seara de Pestana.



Paco Pestana coa súa irmá Loli en 1955 (foto Quintero - Lugo).